

XABIER | DÍAZ

Xota de Couto (Muiño-Zas)

Foliada haina, haina,
háina no pallal da eira.
Foliada coma ela
non a hai nesta baixeira.

E volta e vira
e volvo a virar.
As voltas no aire
son boas de dar.

Canta, rula, na gaiola,
canta, rula, canta, rula,
que o teu cantar *enamora*.

Mariñeiro non
que vai e non vén.
Un carpinteiriño
que traballe ben.

Eu caseime aló para riba
na terra de moito pan.
O forno de miña sogra
bota silvas polo *vran*.

Axudádeme a cantar,
dádeme unha axudiña
que eu non me podo axudar
desta miña *gargantiña*.

O lugariño de Couto
de noite parece unha vila,
un caravel na entrada,
unha rosa na *salida*.

